

# GUÍA CIUDADÁ

**PARA A CORRECTA RECICLAXE  
DOS RESIDUOS DE APARELLOS  
ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS  
(RAEE)**



# SOMOS **ADEN**

Con máis de 600 puntos de venda e presentes en máis de 160 concellos, somos a principal organización que agrupa e defende os intereses do pequeno comercio de electrodomésticos en Galicia.

Con esta iniciativa pretendemos informar a cidadanía dos distintos puntos de recollida de RAAE e da súa importancia.





# BUSCAMOS **ECOSINERXIAS**

entre as administracións locais e os comercios de proximidade do sector dos electrodomésticos asociados a ADEN, para concienciar a cidadanía sobre a reciclaxe de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.




TENDA  
**ADEN**



# QUE SON OS RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS?

Os **RAEE** son residuos que se producen cando o propietario dun aparello eléctrico ou electrónico o desbota ou ten a intención ou obriga de desbotalo. Inclúense tamén os compoñentes, subconxuntos e consumibles que forman parte do produto no momento en que se desbota.

Os **aparells eléctricos e electrónicos** (AEE) son aqueles que para funcionar necesitan corrente eléctrica ou campos electromagnéticos, e aqueles necesarios para xerar, transmitir e medir tales correntes e campos que están destinados a ser utilizados cunha tensión nominal non superior aos 1000 voltios en corrente alterna e 1500 voltios en corrente continua.

Os **AEE** identifícanse co símbolo , que indica que deben ser obxecto dunha recollida separada.

# QUE TIPOS DE RAEE EXISTEN?



1. Aparellos de intercambio de temperatura.



2. Monitores, pantallas e aparellos con pantallas cunha superficie superior aos 100 cm<sup>2</sup>.



3. Lámpadas.



4. Grandes aparellos.  
*(Cunha dimensión exterior superior aos 50 cm)*



5. Pequenos aparellos.  
*(sen ningunha dimensión exterior superior aos 50 cm)*



6. Equipos de informática e telecomunicacións pequenos.  
*(sen ningunha dimensión exterior superior aos 50 cm)*



7. Paneis fotovoltaicos grandes.  
*(cunha dimensión superior aos 50 cm) (profesional)*

# QUE FAGO COS MEUS RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS?

Unha das preguntas máis habituais da cidadanía é onde se poden depositar os residuos dos aparellos eléctricos e electrónicos unha vez que estes chegan ao final da súa vida útil.

Existen varias opcións e todas son de balde:

1. Os puntos de venda dos distribuidores ou as tendas.
2. As instalacións de recollida das entidades locais.
3. As redes de recollida de RAEE domésticos.
4. Os xestores autorizados para a recollida de RAEE.
5. Entidades sociais sen ánimo de lucro.

Coñece todas as tendas asociadas a ADEN  
<https://www.asociacionaden.com/tiendas/>



# COMO SE XESTIONAN OS RAEE?

O primeiro paso é **trasladar os RAEE ata plantas especializadas** de xestores autorizados.

Unha vez que os residuos chegan á planta autorizada, **retíranselles todos os elementos contaminantes** e aqueles aproveitables procésanse para obter materias primas coas que fabricar novos produtos.

**Estes materiais recuperados volven poñerse no mercado** como base para novos aparellos eléctricos ou electrónicos, de tal xeito que se evita o emprego de materias primas procedentes da natureza, en consonancia co concepto de **economía circular**.



# PLATAFORMA **SIGA ADEN**

Os establecementos asociados a **ADEN** garanten dunha forma automatizada a correcta xestión dos RAEE e o cumprimento da lexislación ambiental.

Lévase un rexistro dos RAEE xestionados a través dunha **plataforma informática, Siga ADEN, que garante a trazabilidade, o control e a información dos residuos** mediante a súa etiquetaxe dos RAEE.

Por cada **RAEE entregado, xérase un xustificante de recollida** para o cliente e outro para o establecemento, e unha **etiqueta codificada** para adherir ao RAEE retirado.

Isto permítelle ao cliente facer un seguimento e **consultar a trazabilidade do produto entregado escaneando o código QR** do xustificante ou **introducindo o código do xustificante** no seguinte enderezo web: <http://piga.teimas.com/consulta>

